

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 12 de marzo de 2002 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso a corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia.

No DOG nº 55, do luns 18 de marzo de 2002, advértense erros, polo que deben facerse as seguintes rectificacións:

Na páxina 3.572, no cadro denominado «Corpo de profesores de ensino secundario (código 590)», especialidade de francés, na columna correspondente a «Reserva funcionarios corpos e escalas docentes grupo B», di: «15» e debe dicir: «14».

Na páxina 3.575, base común 3, punto 3.1.1., 1º parágrafo, segunda liña, onde di: «... deberá presentar instancia por duplicado ...», debe dicir: «... deberá presentar instancia ...».

Na páxina 3.578, base común 7, punto 7.3 proba de coñecementos de lingua galega, primeiro parágrafo, liña 6, onde di: «... de xeografía e historia, bioloxía e xeoloxía ...», debe dicir: «... de xeografía e historia, psicoloxía e pedagogía ...».

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 14 de marzo de 2002 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante no organismo autónomo Augas de Galicia, anunciado pola Orde do 1 de febreiro de 2002.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante no organismo autónomo Augas de Galicia, anunciada por Orde do 1 de febreiro de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* nº 29, do 8 de febreiro de 2002), de conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na súa nova redacción dada pola Lei 3/1995 do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da referida lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Resolve-la convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación dun pos-

to de traballo vacante no organismo autónomo Augas de Galicia, anunciada pola Orde do 1 de febreiro de 2002 (*Diario Oficial de Galicia* nº 29, do 8 de febreiro de 2002).

Segundo.-Adxudicar destino, no posto de traballo que se indica, e selecciona-lo funcionario que se relaciona no anexo I da presente orde.

Terceiro.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ó da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ó do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servicios, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e o disposto na base sétima da convocatoria.

O cómputo de prazos de posesión iniciárase cando rematen os permisos ou licencias, que, se é o caso, lles foran concedidas ós interesados. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria iniciárase a partir da correspondente alta.

Cuarto.-A xefatura do centro no que cause baixa o funcionario, así como daquel no que obteña destino, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión.

Quinto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Medio Ambiente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2002.

José Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO I

NRP/DNI: 0011539946 A2062.

Apelidos e nome: García Alonso, Luis.

Grupo: A.

Corpo/escala: A3 xeral/especial.

Código: OT.B99.20.000.15001.001.

Denominación do posto de traballo: xefe do Servicio Territorial de Augas de Galicia.

Nivel: 28.

Dependencia: demarcación Galicia-Norte.

Localidade: A Coruña.